

16 de marzo de 2020

Estimadas familias:

**O xoves día 12 de marzo ás 19:39** publicábanse as primeiras **instrucións** dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Provisional, relacionadas co COVID-19.

**O venres día 13 de marzo ás 13:56** publícanse **novas indicacións**. Nelas afírmase que:

*Cada centro, dentro da súa autonomía pedagóxica e de xestión, establecerá un sistema de comunicación e información co alumnado e as familias a través das ferramentas ou plataformas coas que traballa habitualmente, así como calquera outro medio de comunicación que o centro estime adecuado para esta situación.*

Atendendo a estas indicacións, o profesorado do CEIP Plurilingüe Lagostelle elaborou unhas recomendacións de traballo que se poden consultar na **aula virtual do centro**. **Para acceder á mesma pódense ler as recomendacións que aparecen no documento adxunto a esta nota informativa .**

Non queremos saturarvos e pedimos prudencia e responsabilidade á hora de poñerse a traballar. Son **tarefas sen carácter avaliable** pero necesarias para que a volta ás aulas sexa máis levadeira e poidamos seguir avanzando en vez de volver atrás.

Recomendámosvos tamén que aproveitedes **o tempo** en familia para conversar, gozar da oportunidade que se nos brinda para estar xuntos, xogar, pintar, cociñar, expresar os vosos sentimentos, reflexionar sobre o que está a pasar, sobre o que realmente ten valor para nós... en definitiva, recuperemos o tempo perdido que sempre botamos de menos. Aquí o temos!!!

**Valorémolo!**

É posible que, ao longo dos días, vaíamos actualizando a información na aula virtual e vos poidamos subir enlaces a distintas aplicacións, enderezos web...para acceder a máis contidos en liña. Os contidos de L. Inglesa estarán dispoñibles nos vindeiros días.

**MOITAS GRAZAS** POLA VOSA COLABORACIÓN e moito ánimo para pasar estes días nacasa.

Intentade buscarlle a parte positiva a esta situación!

**XUNTOS PODEMOS FREALO!**

CEIP PLURILINGÜE LAGOSTELLE-GUITIRIZ